



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Socioloxía	Código	710G02007	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Leira Lopez, Jose	Correo electrónico	jose.leira@udc.es	
Profesorado	Leira Lopez, Jose	Correo electrónico	jose.leira@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia de Socioloxía ten como obxectivo xeral introducir aos alumnos nos conceptos e fundamentos teóricos e empíricos que permiten o coñecemento científico das sociedades. A análise da realidade social, exercida desde a elaboración teórica e práctica da investigación sociolóxica, fundaméntase na idea de explicar o mundo social que nos rodea e contribuír á comprensión dos procesos de cambio. O obxectivo último é despertar nos alumnos o interese pola Socioloxía como ciencia social, proporcionarlles as ferramentas que lles serán necesarias no seu estudo e ofrecerlles unha visión de conxunto do que trata a área de coñecemento da Socioloxía.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento acerca das bases da Socioloxía	A2	B1	C1
	A4	B2	C2
	A6	B3	C6
		B5	C8
		B7	C9
		B8	C10
Coñecemento teórico e aplicado acerca das bases dos sistemas socioculturais e os seus compoñentes (poboación, cultura, estratificación social, organización, institución sociais, cambio social, conflito social, movementos sociais, globalización)	A2	B2	C3
	A4	B3	C4
	A6	B4	C6
		B5	C7
		B6	C12
			C14
			C15

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. O estudo científico das sociedades humanas	As sociedades humanas na natureza. A ciencia. As ciencias sociais. A investigación social. O proceso de investigación. Metodoloxía e técnicas.
Tema 2. A socioloxía como ciencia social	A socioloxía, produto social. As orixes do pensamento sociolóxico. O período clásico. A importancia dos paradigmas e os niveis de análise. As diferentes perspectivas.
Tema 3. As sociedades humanas como sistemas socioculturais	As sociedades humanas como sistemas. Os catro compoñentes das sociedades humanas. A poboación. A cultura. A organización social. A institucións sociais.



Tema 4. Sociedade e Cultura	¿Que é a cultura?. Os compoñentes da cultura. Diversidade cultural. O cambio cultural. Asimilacionismo, multiculturalismo e interculturalismo. Cultura e liberdade.
Tema 5. Proceso de socialización	A socialización. Teorías sobre a socialización. Axentes de socialización. Socialización e ciclo de vida (as idades como construción social). A resocialización.
Tema 6. Conceptos e proxección social	Concepto de rol. Concepto de status. Conxunto e conflito de roles. Tipos e inconsistencia de status.
Tema 7.- Control social, desviación e delito	Conceptos importantes. Sistemas de control social. Teorías da desviación (e o delito). Enfoques centrados no individuo. Enfoques bioloxicistas. Enfoques psicoloxicistas. Enfoques sociolóxicos. Perspectivas feministas.
Tema 8. Sistemas de estratificación social	Introdución. Sistemas de estratificación. Perspectivas básicas para a análise da estratificación social na práctica. A clase social. A pobreza. A estratificación global, ou a globalización da pobreza e a exclusión. Correlacións da pobreza. Outras variables da estratificación. Movilidade social: conceptos e tipos.
Tema 9. Natureza e sociedade	Conceptos básicos para o estudo da poboación. Teorías do crecemento da poboación. Poboación, urbanización e medio ambiente. A urbanización como modo de vida. A socioloxía e o medio ambiente; conceptos importantes. Un novo impulso civilizatorio. Factores que inflúen no déficit medioambiental. Medio ambiente e sociedade do risco. O novo ambientalismo. Fitos do ambientalismo contemporáneo. Actitudes ante o problema medioambiental. Teorías sociolóxicas sobre o medio ambiente. Medio ambiente e turismo.
Tema 10. Os ladrillos da sociedade: grupos, redes, organizacións e institucións	Os grupos sociais. As organizacións formais. A análise das organizacións. Liderazgo, poder e autoridade nos grupos sociais e as organizacións. A organización burocrática e ol mundo moderno (a burocratización del mundo). As organizacións como sistemas abertos que interactúan co entorno. As principais institucións sociais.
Tema 11. Cambio social e cultural	Teorías sobre o cambio social. Factores e condicións do cambio social. Os axentes do cambio social. Planificación social. Industrialización, desenvolvemento e modernización. A posmodernidade.
Tema 12. O conflito social	Conceptualización e diversidade tipolóxica. Permanencia e intensidade dos conflitos sociais. Principais teorías. A dinámica centro-periferia.
Tema 13. Movementos sociais	Características. Clasificación dos movementos sociais. Principais teorías. Elites e líderes sociais. Os grupos de presión. O voluntariado e o movemento asociativo. Movementos sociais e perspectiva de xénero.
Tema 14. Comportamento colectivo	Concepto e formas. A multitude, as masas e os públicos. Diversas teorías. A propaganda. A opinión pública.
Tema 15. A globalización	¿Que é a globalización?. Dimensións da globalización. Globalización e sociedade do risco. A sociedade mediática. Tendencias e perspectivas de futuro.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C1 C2 C6 C10	0	20	20
Proba obxectiva	A2 A4 A6 B1 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C6 C7 C8 C12 C14 C15	3	20	23
Recensión bibliográfica	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C1 C2 C6 C10	2	10	12



Sesión maxistral	A2 A4 A6 B1 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C6 C7 C8 C12 C14 C15	50	11	61
Traballos tutelados	A2 A4 A6 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C4 C9	20	9	29
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Lectura, por parte do alumno, de textos fundamentais ou relacionados coa materia, de entre os indicados polo profesor e, no seu caso, propostos polo propio alumno.
Proba obxectiva	Os alumnos terán que superar un exame nas datas oficialmente establecidas. Dito exame constará de dúas partes, unha para a avaliación dos coñecementos adquiridos nas clases presenciais e outra que realizarán apoiados nos resumos das lecturas que levaran a cabo.
Recensión bibliográfica	Os alumnos deberán presentar, individualmente e por escrito, unha recensión ou análise de contido de dúas lecturas ou textos convidos col profesor. Poderán ser citados polo profesor para comentar ditos contidos.
Sesión maxistral	É a explicación por parte do profesor dos contidos da materia na aula. Ocasionalmente apoiarase en soporte visual. As clases son para entender os conceptos e as teorías e plantexar posibles dudas sobre os mesmos. Durante o curso poderanse realizar seminarios, conferencias, coloquios e xornadas relacionadas con temas obxecto da materia, aos que os alumnos deberán asistir, existindo a posibilidade de que nos exames se poidan incluír algúns dos temas tratados en ditas actividades.
Traballos tutelados	Os alumnos, de forma individual ou colectiva (non máis de tres) realizarán un traballo. Estes traballos estarán dirixidos ou tutelados polo profesor. Os traballos servirán para avaliar e, no seu caso, liberar esta parte da materia. A dirección ou tutela efectuarase de forma individual no despacho do profesor ou colectiva nos días de clases non presenciais. Para a elaboración destes traballos os alumnos apoiaranse na bibliografía especializada existente para cada un dos diferentes temas así como en proxectos levados a cabo por distintas institucións. A bibliografía será a que, para cada caso, recomende o profesor ou propoñan os alumnos. Esta metodoloxía está orientada á aprendizaxe da materia e a que os seus contidos sexan aproveitados polos alumnos en relación coas competencias que teñen que adquirir os mesmos e que se especifican no epígrafe correspondente desta memoria e nol apartado de ?Competencias? desta materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica	Recensión bibliográfica: O alumno realizará dúas recensións, nas que deberá realizar unha recensión, un abstract e as palabras clave. O profesor indicará a forma idónea de levar a cabo o anteriormente dito para que o alumno adquira as habilidades necesarias para a realización de dito cometido.
Traballos tutelados	Traballos tutelados: O alumno realizará un traballo sobre algún tema incluído no programa. Realizará tamén traballos nas clases interactivas, utilizando datos de organismos de interese sociolóxico (CIS, INE, IGE...). O profesor atenderalle en tódalas consultas necesarias para a aprendizaxe na utilización de datos e na elaboración de investigacións e estudos. Atención personalizada: O alumno poderá consultar tódalas dúbidas e inquietudes científicas que lle plantea o programa. Desta forma, o profesor tratará de incentivar a súa imaxinación sociolóxica.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A2 A4 A6 B1 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C6 C7 C8 C12 C14 C15	Os alumnos terán que superar un exame nas datas oficialmente establecidas. Dito exame constará de dúas partes, unha para a avaliación dos coñecementos adquiridos nas clases presenciais e outra que realizarán apoiados nos resumos das lecturas que levaran a cabo.	40
Recensión bibliográfica	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C1 C2 C6 C10	Os alumnos terán que presentar, antes do día establecido para o exame, individualmente e por escrito, catro recensións ou análises de contido de catro pequenas lecturas ou textos que marcará o profesor. Poderán ser citados polo profesor para comentar ditos contidos.	20
Traballos tutelados	A2 A4 A6 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C4 C9	Os alumnos, de forma individual ou colectiva (non máis de tres) realizarán un traballo, que entregarán antes da data do exame, sobre algún dos temas ou aspectos contidos no programa. Levarán tamén a cabo traballos, nas clases interactivas, utilizando as novas tecnoloxías. Todos estes traballos estarán dirixidos ou tutelados polo profesor e servirán para avaliar e, no seu caso, liberar esta parte da materia.	40

Observacións avaliación

As notas que superen o aprobado en calquera dos apartados (proba obxectiva, recensión bibliográfica e/ou traballos tutelados) na convocatoria ordinaria gardaranse para a convocatoria de xullo.

Fontes de información

Bibliografía básica	-Giddens, A, Sociología, Madrid .Alianza, 2002, Libro. -Horton, P.B. y Hunt, C.L, Sociología, Méjico. Mc Graw-Hill, 1988, Libro. -Iglesias de Ussel y Trinidad Requena, Leer la sociedad. Una introducción a la Sociología General , Madrid.Tecnos, 2005, Libro. -Lenski, G. y otros, Sociedades humanas. Introducción a la macrosociología, Méjico. Mc Graw-Hill, 1997. -Macionis, J.J. y Plummer, K, Sociología, Madrid. Prentice Hall, 2004, Libro.
Bibliografía complementaria	Puntualmente, nalgúns dos temas,proporcionarase ao alumno algún texto específico dun libro ou revista científica.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías